

ACTA COORDINADORA 10 MAIO 2017

Sendo as 18:30 horas do día 10 de maio, reúnese a Coordinadora para tratar a seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores
2. Estratexia comunicación
3. Actualidade política. Moción de censura e outros temas
4. Organización interna
 - Traspaso de poderes (ferramentas, censo, plataforma medrando)
 - Protocolo territorialización
 - Plan expansión territorial
 - Funcións e tarefas das diferentes responsabilidades da Coordinadora
 - Comisión de organización do plenario
5. Varios

Asistentes: Luís Villares, Vitoria Esteban, Elena Cores, Alfonso Diz, Ana Seijas, Mario López, Iria, Gonzalo, Sara Torreiro e Chelo Martínez.

1. Lectura e aprobación das actas anteriores

Actas pendentes da Coordinadora aprobadas.

Acta do Consello e Regulamentos aprobados para enviar ao Consello

2. Estratexia comunicación

Dende hoxe temos as claves localizadas pero o tipo de software de medrando é imposible manexalo sen Eric, polo que seguirá a traballar para EM. Contactouse con Ahora Voting para facer a proposta de voto.

3. Actualidade política. Moción de censura e outros temas

Informa Luís que estivo falando con Tone e Carmen Santos que informan que as persoas comisionadas para a consulta sobre a moción de censura son Tone e Yolanda.

Acórdase trasladar ao Consello realizar unha consulta telemática ás persoas inscritas probablemente os días 20 e 21 de maio (se non é posible antes) e

trasladar a Tone e Yolanda que polo tanto ata esa data non nos podemos pronunciar e deixar claro que é unha falta de respecto a actuación unilateral dende Madrid.

Enviárase nota á prensa anunciando a consulta.

A pregunta será: Estás de acordo con que EM preste o seu apoio político á Moción de Censura impulsada o grupo parlamentario de UP-EPC-En Marea no Congreso dos Deputados?

Deberase acordar un regulamento da votación para a súa aprobación polo Consello. Designárase unha Xunta Electoral de 5 persoas a partir dunha proposta do Consello onde cada candidatura propoña proporcionalmente á composición do consello ás persoas para este proceso de consulta. Eric encargárase das cuestións técnicas. Alfonso redactará a proposta de Regulamento para a consulta.

4. Organización interna

- **Plan expansión territorial**

Apróbase o protocolo de creación de novas mareas municipalistas para sometelo á aprobación do Consello.

- **Funcións e tarefas das diferentes responsabilidades da Coordinadora**

Comunicación. Entrega Sara un informe sobre “Estratexia comunicativa fronte ás críticas”. Informa do traballo feito e da celebración dunha rolda de prensa anunciando a Xornada de Sanidade na que intervirán Eva Solla, Ana Seijas e outra das persoas ponentes. O luns terá lugar a primeira reunión de Comunicación.

Ferramentas. Informa Alfonso da posibilidade de facer unha plataforma de votación e consultas propia de EM. Estudárase.

Mareas sectoriais. En funcionamento a Marea Sectorial de transparencia e bo goberno. O día 20 constitúese a Marea Sectorial de Feminización. As mareas sectoriais serán convocadas pola coordinadora.

Acórdase calendarizar a creación das mareas sectoriais de aquí ao plenario.

- **Comisión de organización do plenario**

Estará formada por Gonzalo, Mario, Elena, Alfonso, Mariano e Sara Outeiral.

5. Varios

- **Marcha ecoloxista en Laracha** en defensa da Fraga de Soandres. Mario reunirase con eles e se non hai problemas apoiarase a marcha.
- **Día das Letras Galegas.** Acórdase apoiar a manifestación do día 17 á que levaremos unha faixa.

Remata a reunión ás 22:15 horas.